



O CONSELLO ESCOLAR

É un órgano colexiado de goberno e de participación dos diferentes membros da comunidade educativa (nais, pais, alumnado, profesorado, persoal administrativo e de servizos) do centro escolar.

A súa misión é asumir a responsabilidade máxima colexiada do funcionamento do centro escolar, para o que precisa da participación de todas as persoas afectadas (nais e pais, alumnado, profesorado, pas). A súa constitución é obrigatoria en todos os centros públicos e tamén nos concertados.

COMPETENCIAS DO CONSELLO ESCOLAR

Competencias do Consello Escolar Artigo 127 da LOE, modificado pola LOMCE:

Avaliar os proxectos e as normas aos que se refire o capítulo II do título V da presente Lei orgánica.

Avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do Claustro do profesorado, en relación coa planificación e organización docente.

Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.

Participar na selección do director/a do centro, nos termos ca presente Lei Orgánica establece. Ser informado do nomeamento e cese dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría dos terzos, propoñer a revocación do nomeamento do/a director/a. Os alumnos de 1º e 2º de ESO non poderán participar nesta selección (art. 126.5 de la LOMCE)

Informar sobre a admisión de alumnos e alumnas, con suxeición ao establecido nesta Lei Orgánica e disposicións ca desenvolvan.

Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar por que se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director/a correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, a instancia de pais, nais ou titores legais, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.

Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación polas causas a que se refire o artigo 84.3 da presente Lei Orgánica, a resolución pacífica de conflitos, e a prevención da violencia de xénero.

Promover la conservación e renovación das instalacións e do equipo escolar e informar da obtención de recursos complementarios, de acordo co establecido no artigo 122.3.

Informar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.

Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendimento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.

Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.

Calquera outra que lle sexan atribuídas pola Administración educativa.

Cales son os dereitos que temos como membros do Consello Escolar?

• Recibir a orde do día das reunións antes da súa celebración e toda a documentación necesaria, con tempo suficiente, para poder elaborar as propostas ou intervencións que nos parezan oportunas.

• Participar, opinar e elaborar propostas sobre todas as cuestións que compete resolver ao Consello Escolar (especificadas no cap.II do título V da LOE).

• Recibir un exemplar do PEC (Proxecto Educativo do Centro) e da PXA (Programación Xeral Anual) e das súas modificacións se as houber. Así como de todos os documentos do centro.

• Recibir información e opinar sobre os libros de texto e os materiais didácticos elixidos polo claustro.

• Coñecer e opinar sobre os resultados académicos e valoración dos mesmos.

• Utilizar as instalacións do centro nas condicións que estableza o Consello Escolar e define a normativa vixente.

• Participar na elección/selección do director ou directora e/ou propoñer a súa revogación.

DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Artigo 5. O consello escolar

O consello escolar do centro educativo, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 127 da Lei orgánica 2/2006 e o artigo 57 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito a educación, terá as seguintes:

a) Elixir as persoas representantes da **comisión de convivencia**, de acordo co establecido no artigo 6.2 deste decreto: (2. A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes

do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e, no caso dos centros concertados, tamén por unha persoa representante da titularidade do centro, todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro ou órgano equivalente. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.). E no artigo 6.3 dí: manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

- b) Establecer directrices para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- c) Realizar anualmente o seguimento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- d) Propor actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

No seo do Consello Escolar existirá unha **Comisión Económica** integrada pola directora, o secretario, un profesor, unha alumna e un representante das familias, elixidos por cada un dos sectores (art. 45 e 118 do RO). Esta comisión informará ao consello sobre cantas materias de índole económica se lle encomenden (art.44 da LODE).